

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE ARTEIXO E A ASOCIACIÓN AGARIMO PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS MUNICIPAIS, A UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO E O ACONDICIONAMENTO DUN LOCAL

REUNIDOS

Dunha parte, a Concelleira de Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Educación, Dona INÉS RAMOS ÁLVAREZ, que actúa en nome e representación do Concello de Arteixo facultada por Decreto número 3639/2022 de data 06/11/2022

Doutra parte, Dona HERMINIA OTERO CHAO, con NIF 32629369 M, en calidade de Vicepresidenta da Asociación Agarimo, con CIF nº G-15023054.

EXPOÑEN



De conformidade co disposto no artigo 1 do RDL 781/1986, de 18 de abril, do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, O Concello de Arteixo ten plena capacidade xurídica para obrigarse e exercer as accións previstas nas leis.



En virtude do estipulado na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o Concello de Arteixo está legalmente apoderado para a planificación das súas áreas municipais promovendo actividades que contribúan a satisfacer as demandas e aspiracións dos seus veciños sempre tendo en conta as competencias que lle corresponden ás administracións municipais. Entre outras, ten atribuídas as potestades regulamentarias e de autoorganización, de programación ou planificación.

A mesma Lei (Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local), a través do artigo 2, modificado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, indica que se debe asegurar ós Concellos (entre outras administracións) o seu dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses para o que se lles atribúe competencias que lles permitan a atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade de xestión da entidade local para o cumprimento dos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia.

En cumprimento da lexislación aplicable, as entidades locais poden exercer competencias, entre outras, nas seguintes materias: medio ambiente urbano, avaliación e información de situacións de necesidade social e atención a persoas en situación de risco de exclusión social,

promoción da cultura, promoción turística, promoción do deporte e ocupación do tempo libre e, polo tanto, as derivadas da planificación e organización dos servizos e actividades de cada unha.

A ASOCIACIÓN AGARIMO, con CIF G-15023054, ten plena capacidade para asinar o presente convenio e non se atopa incurso en ningún dos supostos do artigo 13 da Lei 38/2003, de prohibición para obter subvencións ou axudas públicas.

Ambas entidades teñen interese en regular a súa colaboración para levar a cabo unha oferta formativa, social, cultural, deportiva e de ocupación do tempo de lecer, a través da apertura das instalacións á comunidade dende a planificación e organización de alternativas.

Considerando que o obxecto do presente convenio é a colaboración entre ambas entidades para a execución de programas dirixidos a colectivos incluídos dentro dos seus ámbitos competenciais e o acondicionamento de local para a súa utilización polo Concello ou por outras administracións públicas ou entidades sin ánimo de lucro, non atopándose dentro do ámbito obxectivo da *Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público*.

Considerando que, de conformidade co previsto no artigo 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das corporacións locais. O programa e actuación obxecto do presente convenio suporán unha **subvención anual de 42.000 €** a favor da Asociación Agarimo, sempre e cando exista crédito orzamentario adecuado e suficiente. Efectuarase o pago anticipado de 33.600,00 € á entidade no momento da sinatura.

Considerando que, de conformidade co previsto no artigo 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, a subvención de referencia cumpre os seguintes requisitos:

- Que a entrega se fai sen contraprestación directa dos beneficiarios.
- Que a entrega está suxeita ao cumprimento duns obxectivos, proxectos ou actividades, debendo o beneficiario cumprir as obrigas materiais e formais que se establezan.
- Que o proxecto, acción ou situación financiada teñan por obxecto unha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción de finalidade pública.

Verificado o carácter excepcional da Asociación AGARIMO, debido ao seu obxecto como entidade de iniciativa social sen ánimo de lucro, definindo nos seus Estatutos como fins os seguintes: axudar, asesorar e contribuír a solucionar os problemas de inadaptación, desarraigo, familia e integración dos menores e mocidade, baixo os aspectos sociais, educativo, económico, moral e xurídico, así como colaborar coas distintas administracións públicas e privadas con competencias nas materias citadas.

Ao anterior cabe sumar o valor engadido das características das instalacións da Asociación e as súas condicións de idoneidade para o desenvolvemento de programas para a oferta á

veciñanza. Esta definición de finalidades fai que sexa unha entidade idónea para a execución do obxecto do presente convenio, xustificando así a exclusión da concorrência competitiva.

Tendo en conta a vontade de ambas partes por establecer liñas de colaboración para realizar actuacións estipuladas no presente convenio.

Por todo o exposto, establécese a regulación a través das seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto do convenio é a regulación da colaboración entre o Concello de Arteixo e a ASOCIACIÓN AGARIMO para,

A execución de programas dirixidos aos colectivos incluídos no ámbito de competencias de ambas entidades, especificamente a execución dos programas de intervención socioeducativa con menores en risco de exclusión social.

O Concello de Arteixo colaborará nos custos do persoal que participa en dito programa de intervención socioeducativa con menores, que non están subvencionados por ningún outro organismo nin público nin privado, extremo que a ASOCIACIÓN AGARIMO deberá xustificar.

Proporcionar espazos complementarios para a súa utilización polo Concello, por outras administracións públicas ou por entidades sen ánimo de lucro (en todo caso, previo acordo co Concello) para desenvolvemento de actividades destinadas á poboación deste concello e que precisan de equipamentos específicos.

O acondicionamento dun local para a súa utilización polo Concello ou por outras administracións públicas ou entidades sin ánimo de lucro.

SEGUNDA.- Uso de espazos.

A través do regulado no presente convenio, a ASOCIACIÓN AGARIMO autoriza ao Concello de Arteixo á utilización das instalacións que este demande nas condicións e horarios que previamente se concreten e que se farán constar por escrito asinado polas representantes das partes que se designen ao efecto. En todo caso, terán prioridade as actividades desenvolvidas pola Asociación dentro dos horarios de escolarización, polas características formativas continuadas que lle son propias.

TERCEIRA.- En ditos espazos a entidade municipal desenvolverá programas e actividades para a consecución dos seguintes obxectivos:

- Mellorar e estender os servizos municipais.
- Garantir a oferta de actividades desde un enfoque compensatorio e igualitario.
- Ampliar a tipoloxía das actividades en función dos equipamentos dos que disporá.
- Fomentar a apertura do Centro xestionado pola Asociación Agarimo á comunidade a través de oferta de alternativas organizadas.
- Actuar, de xeito coordinado e polivalente no territorio definido como zona de actuación
- Ampliar canles de participación do tecido asociativo do termo municipal.
- Ampliar a oferta formativa laboral da veciñanza.

CUARTA.- A entidade municipal desenvolverá as actividades segundo os procedementos administrativos que sexan de aplicación segundo a lexislación vixente, polo que poderá contratar directamente ao persoal ou ben a través dunha empresa prestadora de servizos. En calquera caso, é responsabilidade exclusiva do Concello o contacto directo coa Asociación Agarimo, e a supervisión das actividades así como a aplicación de medidas correctivas no funcionamento e metodoloxía aplicada polo persoal / empresa contratada, se fora o caso.

Neste ano 2022, utilizan aos locais da ASOCIACIÓN:

- Banda de Música de Arteixo, durante todo o ano
- Asociación Xuvenil Xiradela, durante todo o ano
- Períodos vacacionais escolares: Campamentos organizados polo Departamento de Educación.

QUINTA.- A colaboración coa ASOCIACIÓN regulada no presente convenio, inclúe os programas de intervención socio-educativa con menores e mocidade para a formación prelaboral, coa impartición de contidos teóricos e prácticos, aos que a entidade municipal poderá derivar a persoas usuarias para a súa inclusión nos mesmos. Son destinatarios destes programas mozas e mozos con alto risco de exclusión social.

Dito programa inclúe os seguintes cursos:

- Cursos de Formación Profesional Básica (FPB) de Cociña e Restauración
- FPB de Carpintería e moble
- FPB de Agroxardinería e composicións florais
- Formación Básica de Persoas Adultas (ESA)
- Educación Especial (non incluído no ámbito deste convenio)
- Reforzo educativo individual e/ou en pequeno grupo

A estes efectos a ASOCIACIÓN comunicará ao Concello as datas e requisitos de acceso, que permita a inserción de alumnado captado desde os distintos departamentos municipais.

SEXTA.- Ademais dos programas desenvolvidos no CPR Agarimo aos que se fixo referencia no parágrafo anterior, a Asociación desenvolve dous Programas de Emprego: o Programa Integrado de Emprego da Asociación Agarimo 2021/2022 (do 01/01/2021 ao 09/11/2022), e o Programa Integrado de Emprego da Asociación Agarimo 2022/2023 (do 10/11/2022 ao 31/12/2022) cuxo obxecto é a consecución da inserción laboral de mozos desempregados con baixa cualificación. Dado que están subvencionados integramente pola Xunta de Galicia, os seus custos quedan excluídos do presente Convenio. Aínda así, o Concello poderá derivar alumnado a ditos cursos, sempre que cumpran cos requisitos de acceso.

SÉTIMA.- O Concello de Arteixo poderá articular sistemas de colaboración con outras administracións públicas ou entidades sen ánimo de lucro para a execución dos seus programas utilizando as instalacións que a Asociación Agarimo pon a disposición da entidade local. Nese caso, as partes asinantes do presente convenio establecerán acordo no que se concreten as condicións de utilización das dependencias por parte de ditas entidades ou administracións.

OITAVA.- A entidade municipal velará polo cumprimento da normativa reguladora de aplicación en calquera centro ou actividade municipal. Así mesmo, aplicará e velará polo cumprimento das normas que a ASOCIACIÓN AGARIMO teña estipuladas como de obrigado cumprimento nas súas instalacións.

NOVENA.- Aos efectos de seguimento do contido no presente convenio, de clarificación de aspectos técnicos e operativos e interpretacións necesarias, crearase unha comisión mixta cos seguintes membros:

- Alcalde-presidente ou concelleira/concelleiro no que delegue, que exercerá a presidencia.
- Presidencia da Asociación Agarimo ou persoa na que delegue.
- Técnico/a municipal designado/a ao efecto.

A comisión reunirase a petición de calquera das partes, tantas veces como se considere necesario e, ao menos, dúas veces no ano. A convocatoria de reunión corresponde á presidencia.

DÉCIMA.- Os departamentos municipais incluídos neste convenio son os que se definen a continuación:

- Educación
- Xuventude
- Participación Cidadá
- Cultura
- Deportes
- Medioambiente

- Servizos Sociais
- Promoción Económica
- Aqueloutros que a criterio da Comisión se poidan incluír por entender que os programas a desenvolver responden ao obxecto deste convenio.

Cada departamento municipal comunicará á presidencia da comisión a persoa designada para todas as xestións relativas a este convenio, que deberá contar coa aprobación da Concelleira/Concelleiro correspondente.

DÉCIMO PRIMEIRA.- É responsabilidade da entidade municipal a coordinación xeral das programacións municipais que se desenvolvan nas instalacións postas a disposición. Calquera variación no inicialmente comunicado á Asociación deberá notificarse de xeito expreso coa sinatura da persoa responsable política e técnica do departamento que faga a modificación e a designada como interlocutora.

DÉCIMO SEGUNDA.- A Asociación Agarimo poderá dispoñer das instalacións para a realización de actos puntuais incluso dentro dos horarios de execución de actividades da entidade municipal. Por tal motivo, deberá comunicalo ás persoas interlocutoras (política e técnica) coa antelación suficiente para a reorganización de grupos / actividades.

DÉCIMO TERCEIRA.- A ASOCIACIÓN AGARIMO facilitará as instalacións, equipos, maquinaria e materiais específicos e considerados básicos dos que están dotados os diferentes espazos (cafeteiras, porterías, mesas, cadeiras, TV, ordenadores,...). O Concello de Arteixo ten a responsabilidade de que tanto os espazos coma os materiais que a Asociación pon a disposición, queden perfectamente preparados para ser utilizados pola Asociación sen que se produza ningún retraso ou alteración no comezo das actividades propias. Non obstante, a Asociación Agarimo organizarase para o cumprimento das obrigas estipuladas no presente convenio.

Se para o desenvolvemento das súas programacións, o Concello, entidades sen ánimo de lucro ou administración pública, precisasen equipamento, maquinaria ou outro material non existente nas instalacións cedidas, serán os organismos mencionados os responsables de aportalos e de retiralos cando a actividade remate. Na solicitude inicial para a actividade deberá incorporarse inventario de ditos materiais ou equipamentos. Deberá darse conta expresa á Comisión Mixta deste feito incorporando inventario do aportado.

Os materiais funxibles necesarios para o desenvolvemento das actividades ou programas que se desenvolvan nas instalacións cedidas no marco deste convenio, deberán ser aportadas polo Concello, entidades sen ánimo de lucro ou administracións públicas beneficiarias da concesión.

DÉCIMO CUARTA.- Os espazos cedidos poderán ser utilizados pola entidade local para as funcións e actividades que lle sexan propias, sempre coa autorización expresa da entidade colaboradora para cada unha. En todo caso, o Concello de Arteixo faise responsable directo

dos danos materiais, persoais ou morais que poidan producirse dentro das dependencias cando as actividades sexan organizadas polos seus departamentos, debendo articular medidas de contratación dos seguros que considere necesarios.

DÉCIMO QUINTA.- No relativo ás cláusulas décimo cuarta e décimo quinta, estas responsabilidades quedan delegadas nas entidades sen ánimo de lucro e nas administracións públicas ás que se lles autorice o uso das instalacións, debendo asumir as mesmas obrigas que as indicadas para a entidade municipal, recolléndose ditas obrigas no acordo de colaboración entre o Concello e a entidade usuaria dos espazos.

DÉCIMO SEXTA.- A asociación Agarimo pon a disposición do Concello de Arteixo as instalacións definidas no Anexo I deste convenio.

DÉCIMO SÉTIMA.- Previo á sinatura do convenio, a Asociación deberá presentar no Rexistro Municipal a seguinte documentación:

- Programas que executarán con cargo ao presente convenio, que inclúa a listaxe das actividades/cursos que prevé realizar en cada un, así como o orzamento previsto e o solicitado a este concello.
- Declaración de non ter solicitadas outras subvencións polo mesmo concepto, sinaladamente as subvencións previstas para gastos de persoal e mantemento do edificio.
- Certificado de estar ao corrente nas obrigas tributarias coa Seguridade Social, coa Facenda do Estado e da Xunta de Galicia.
- Declaración de non estar incurso en ningunha das prohibicións para percibir axudas públicas.

DÉCIMO OITAVA.- Son obrigas da entidade beneficiaria da subvención todas as establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003 e, en particular, as seguintes:

- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto e realizar as actividades que dan lugar á concesión da subvención.
- b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións que determinan a concesión de axuda.
- c) Someterse ás actuacións de control e comprobación financeira que exercerá o Concello en relación coa aplicación do contido no presente acordo.
- d) Comunicar a obtención doutras axudas ou subvencións que financien as actividades obxecto deste convenio segundo o estipulado no artigo 46 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.
- e) Acreditar que se atopa ao corrente coas súas obrigas tributarias (Estado, CCAA, Deputación Provincial e Concello de Arteixo) e coa Seguridade Social. No caso de que asine autorización expresa, o Concello de Arteixo poderá obter as certificacións acreditativas da Axencia Tributaria e tramitará de oficio as municipais.
- f) Facer constar, de xeito claro e fidedigno, a colaboración do Concello de Arteixo en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se realice. Esta obriga deriva do definido no artigo 18.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Ademais, establécense de xeito complementario e obrigatorio, as seguintes:

- g) Asumir todos os gastos de xestión corrente (auga, luz, etc.) que se deriven do normal desenvolvemento dos programas/actividades que se leven a cabo no centro.
- h) Manter en vigor póliza de responsabilidade civil que dea cobertura aos sinistros que poidan ocorrer nas instalacións.
- i) Asumir as funcións de apertura e peche, limpeza e mantemento das instalacións cos medios que considere máis convinte.

DECIMO NOVENA.- O Concello de Arteixo comprométese á aportación de 42.000 €, que se pagarán do seguinte xeito:

- a. O 80% á sinatura do Convenio sempre supeditado á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente.
- b. O 20% restante ao remate do mesmo, unha vez presentada a conta xustificativa pola Asociación e aprobada polo órgano de goberno.

VIXÉSIMA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza do convenio e que se realicen dentro do período que recolle o acordo.

A estes efectos só se poderán imputar os seguintes gastos:

- Gastos de conserxería
- Gastos correntes (luz, auga, outros subministracións)
- Gastos correspondentes a seguros.
- Servizos de mantemento e limpeza.
- Gastos derivados da execución dos proxectos de formación compensatoria e/ou complementaria para colectivos en especial risco de exclusión social
- Gastos derivados de programas de intervención socio-educativa con menores e mocidade para a formación prelaboral.
- Gastos derivados do acondicionamento dun local do centro para a súa utilización polo Concello ou por outras administracións públicas ou entidades sin ánimo de lucro.

Os gastos subvencionables en concepto de mantemento dos edificios non poderán superar o 20 % do total outorgado á entidade.

Considerarase gasto realizado o que estea efectivamente pagado con anterioridade á data de vencemento do presente convenio. En todo caso, é gasto imputable o que responda aos conceptos indicados e que se realice entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano natural de vixencia do convenio.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- PRAZO E TRAMITACIÓN DA XUSTIFICACIÓN

Para o trámite obrigatorio de XUSTIFICACIÓN, e previo ao cobro do segundo prazo, será requisito a presentación no Rexistro do Concello da conta xustificativa por cada concepto que terá o seguinte contido:

- a) MEMORIA DE ACTUACION XUSTIFICATIVA do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención. Dita memoria conterá definición das accións/actividades realizadas, temporalización, persoas participantes, obxectivos acadados e grao de cumprimento e avaliación.
- b) MEMORIA ECONÓMICA XUSTIFICATIVA do custo das actividades realizadas (arts.72 e 75 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións).
As facturas ou documentos probatorios que se presenten como xustificantes terán que ser orixinais.
- c) Con cada unha das facturas achegarase xustificante bancario de transferencia que acredite o pago, no que se indicará o proveedor, número de factura e importe abonado.
- d) Copias cotexadas doutros documentos acreditativos dos gastos imputados (contratos,...)
- e) Certificado de estar ao corrente nas obrigas tributarias coa Seguridade Social, coa Facenda do Estado, coa Xunta de Galicia, coa Deputación Provincial e co Concello de Arteixo, ou autorizacións para a súa obtención cando sexa posible.
- f) Relación detallada doutros ingresos ou axudas coas que se financie a actividade subvencionada coa indicación do importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- g) Declaración de ter cumprida a finalidade para a que foi concedida a axuda.
- h) Acreditación gráfica do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración do Concello de Arteixo en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito ou no equipamento que estea vinculado ao obxecto desta subvención

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa emenda. Pasado dito prazo sen que o interesado atenda o requirimento, entenderase que desiste da súa petición, ditándose resolución que deberá ser notificada ao beneficiario.

Prazo de presentación da xustificación: un mes desde a data de vencemento do convenio.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- Para o pagamento, o Concello de Arteixo ingresará o oitenta por cen (80%) da subvención para cada unha das actuacións á sinatura deste acordo. Para o ingreso do vinte por cen (20%) restante, deberase aprobar a conta xustificativa previa presentación polas canles administrativas adecuadas (Rexistro do Concello) do indicado no presente convenio.

No caso de ter outras subvencións ou ingresos para os mesmos conceptos e obxecto que os definidos no presente acordo, o importe total a xustificar será a suma de todos. É dicir, o importe total das subvencións recibidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións, ingresos ou axudas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, supere o gasto executado pola entidade beneficiaria.

De producirse esa concorrencia e que supere o 100% do gasto total executado en cada un dos conceptos financiados polo Concello de Arteixo, procederase ao reaxuste da contía do pago do último prazo no apartado subvencionable que corresponda.

VIXÉSIMO TERCEIRA.- REINTEGRO

Cando transcorrido o prazo de xustificación esta non se efectuara, ou non sexa correcta, a entidade xestora requirirá á entidade para que a presente no prazo improrrogable de 15 días dende a notificación.

Ante a falta de presentación da documentación neste prazo acordarase non realizar o pago do último prazo ou iniciar o procedemento de reintegro en aplicación do regulado no artigo 37 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Formularase requirimento expreso por parte do Concello coa definición do prazo e recursos que caben, previa adopción de acordo correspondente polo órgano municipal competente.

A presentación da documentación no prazo excepcional de 15 días non eximirá a entidade beneficiaria da sanción que lle corresponda segundo a seguinte gradación:

- Atraso na presentación da xustificación de ata un mes: sanción do 10% do importe da subvención, co límite de 250,00 €.
- Atraso na presentación da xustificación dun mes, e ata tres: sanción do 20% do importe da subvención, co límite de 1.000,00 €.

Aplicarase a compensación para o cobramento da sanción, agás que a entidade sancionada formule a oposición á sanción ata que se resolva o recurso.

Para outros incumprimentos e sancións non previstos neste apartado será de aplicación o disposto na normativa legal de subvencións.

VIXÉSIMO CUARTA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Son causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- Transcurso do prazo estipulado como duración do mesmo.
- Mutuo acordo entre as partes manifestado por escrito.
- Por renuncia da entidade municipal por falta de utilización das instalacións.
- Calquera incumprimento das condicións deste convenio e, supletoriamente, do estipulado na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.
- As demais causas previstas legal ou regulamentariamente.

VIXÉSIMO QUINTA.- Corresponde á Xunta de Goberno Local a facultade de interpretar este Acordo de colaboración, así como de acordar a súa rescisión en caso de incumprimento por parte da entidade asinante de calquera das obrigas no mesmo contidas.

VIXÉSIMO SEXTA.- Se cumprida a data de vencemento do presente convenio non se teñen iniciado trámites de sinatura do seguinte acordo regulador, no caso de que se están realizando actividades ao abeiro do presente convenio por administracións públicas, entidades sen ánimo de lucro ou polo Concello de Arteixo, estas poderán continuarse ata a sinatura do novo, co

acordo de pago da porcentaxe correspondente ao tempo de utilización dos espazos/equipamentos nas mesmas condicións de xustificación que as estipuladas.

VIXÉSIMO SÉTIMA.- O presente convenio terá como prazo de vixencia ata o 31 de decembro do ano natural de sinatura. No caso de que ambas entidades teñan interese en continuar coa colaboración, asinarase novo convenio.

En proba de conformidade ambas partes, de mutuo acordo, asinan o presente convenio no lugar e data sinalados na cabeceira, e perante min, Don José María Vázquez Pita, Secretario Xeral do Concello.



ASDO.: INÉS RAMOS ÁLVAREZ
CONCELLEIRA DE IGUALDADE, SERVIZOS
SOCIAIS, SANIDADE E EDUCACIÓN



ASDO.: HERMINIA OTERO CHAO
VICEPRESIDENTA ASOCIACIÓN AGARIMO



ANTE MIN,
SECRETARIO XERAL
ASDO.: JOSÉ MARÍA VÁZQUEZ PITA

ANEXO I. DISTRIBUCIÓN ESPACIAL DO CENTRO

1º PISO

- Salón de actos (capacidade: 100 persoas), con acceso independente ó escenario
- Sala de medios audiovisuais (capacidade: 50 persoas aprox.)
- 3 aulas polivalentes (mesas anchas)
- Aula informática (8 máquinas de escribir, 8 ordenadores)
- Aula educación especial (con 4 ordenadores, espello)
- Dirección/titoría con 2 despachos comunicados
- Despacho de orientación

SOTO

- Aula medioambiente (4 microscopios)
- Aula de xardinería
- Biblioteca
- Aula albanelería
- Aula ESA I
- Aula ESA II
- Aula tecnoloxía
- Despachos
- Sala de mestres

PLANTA BAIXA

- Salón grande con:
 - Zona de recreo (futbolíns, máquinas, mesas...)
- Hostalaría:
 - Cociña
 - Antiga cafetería para prácticas
- Obradoiros:
 - Carpintería
 - Albanelería

EDIFICIOS ANEXOS

- Dependencias habitables en condicións de usabilidade para a execución de programas grupais ou individuais que requiran pernoctar no centro.

EXTERIOR

- Invernadoiro grande (600m²: 50 m x 12 m)
- Invernadoiro pequeno
- Viveiro
- Instalacións deportivas:
 - campo de fútbol (para fútbol 7)
 - pista exterior pequena (baloncesto, fútbol sala, frontón pequeno)
 - pista de volei
- Espazo libre (para realizar diversas actividades)
- Zona ampla de aparcamento

